

INTEGRACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

José Víctor Ónega Carrera
CEFOCOP
Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

A Educación Física en España viña tendo, como reminiscencia da posguerra civil española, unha concepción militarista –imposta polo franquismo– na que importaba a formación de mozos con vistas a unha posible defensa nacional. Esta concepción perdurou ata non hai moito, cando o profesorado das novas escolas e tendencias, e co achegamento a Europa, foi abandonándoas pola súa conta. Será a LOXSE a que dará fin definitivamente a esta corrente coa lexislación sobre a integración.

O alumno con necesidades educativas especiais (n.e.e.) con algunha minusvalía estaba exento da Educación Física, por iso o profesorado desta área non era formado para tratar este tema, xa que a preocupación ía encamiñada ó ámbito motriz e ó máximo rendemento físico. O alumno con n.e.e. era rexeitado das clases e da lei, que para xustificar esta exclusión prescribía normativas ó respecto. Así pois, non eran precisas accións formativas encamiñadas ó

profesorado de Educación Física neste eido.

Coa nova ordenación o alumnado intégrase plenamente no ensino; pero atopámonos con que carecemos de formación nestes campos, salvo que, polas inquedanzas persoais, o profesional se forme pola súa conta. De aí este traballo de ‘animación’ a un asunto que resulta alleo para todos: a Administración educativa, os docentes da área, os pais e os alumnos.

COA REFORMA, O CAMBIO

Non dubidamos que a Educación Especial é un dos ámbitos nos que a actual reforma do noso sistema educativo introduce maiores e profundos cambios; emporiso, son relativamente poucos os traballos que se ocupan especificamente do marco conceptual e das implicacións prácticas das novas propostas.

Contra os finais dos anos cincuenta e primeiros dos sesenta comezou a expandirse un movemento xeral de rexeitamento ás escolas segregadas e

en prol do que se deu en chamar ‘principio de normalización’, que debe entenderse en tres sentidos: *individual*, no que formularémo-los obxectivos máis ordinarios posibles para esas persoas con algunha necesidade; *do contorno*, onde adaptaremos ese medio físico para que sexa utilizado pola persoa diminuída; *das actitudes*, co que promoveremos un cambio na valoración social das persoas diminuídas.

O *Libro Branco para a Reforma do Sistema Educativo* (capítulo X, punto 2, páxina 162) afirma:

Partindo da premisa de que tódolos alumnos precisan ó longo da súa escolaridade diversas axudas pedagóxicas de tipo persoal, técnico ou material, co obxecto de asegura-lo logro dos fins xerais da educación, as necesidades educativas e especiais predicáanse daqueles alumnos que ademais, e de forma complementaria, poidan precisar doutro tipo de axudas menos usuais. Dicar que un determinado alumno presenta NEE é unha forma de dicir que para o logro dos fins da educación precisa dispoñer de determinadas axudas pedagóxicas ou servicios.

O currículo non é pechado, non vén como algo dado, senón que é un instrumento, unha ferramenta para a promoción do desenvolvemento educativo. Un instrumento que debe posuír entre as súas funcións esenciais as de orienta-la actividade educativa, acurtando ó máximo os efectos prescritivos e deixando aberta a porta para que na práctica se poida realmente modifica-la propia planificación: as intencións e o plan de acción que se establece no currículo plásmanse nunha determinada práctica pedagóxi-

ca. O currículo inclúe tanto o proxecto como a súa execución.



O xogo do brilé con minusválidos totais de membros inferiores.

O concepto de atención á diversidade é o suficientemente amplo para que teña cabida nel calquera alumno que, polas súas características individuais, sexa ‘diferente’. A LOXSE di: “Os alumnos son diferentes entre eles e este é o punto de partida de calquera acción educativa”.

O noso obxectivo como docentes será, amais de respecta-la diferenza e facela respectar, non admitir que esa diferenza se converta en razón de parcialidade. A sesión de E. F. (Educación Física) ten potencialidades contradictorias: pode converterse na sesión máis socializadora e integradora e, á vez, pode se-la máis segregadora do currículo. A sesión de E. F. pode se-lo motor da tolerancia ou un niño de actitudes marxinatoras.

AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES

Como medidas específicas de atención á diversidade, as adaptacións

curriculares son estratexias metodolóxicas que os profesionais do ensino debemos empregar nese proceso de ensino-aprendizaxe, para encamiñármolos alumnos que presenten diversos tipos de dificultades no seu proceso educativo. Aplicarémolas segundo os principios de normalización, significación, participación, realidade e contextualización nun centro educativo e no seu contorno. A maior dificultade coa que nos imos atopar os profesores será cómo ensinar, ó non existir un procedemento ideal que nos resolva a problemática metodolóxica que se presenta na atención á diversidade. Cada neno esixe unhas estratexias concretas, que foron deseñadas despois dun proceso de avaliación axustado a cada alumno, coas súas características, intereses e necesidades.

O obxectivo destas adaptacións curriculares é facer máis accesible para os alumnos con n.e.e. o proceso de aprendizaxe, empregando a metodoloxía máis pertinente para desenvolver as capacidades enunciadas nos obxectivos xerais da etapa.

As estratexias que desenvolveremos serán darlle ó neno información, apoiar na aula e nun horario específico. En cada unha das estratexias practicaremos apoios orais, visuais e físicos. Este últimos engloban unha ampla gama de accións que comprenden axudas de tipo mecánico para poder realizar esas actividades, tales como guías no movemento, asistencias no desprazamento e traslados.

Os reforzos que determinen o avance no nivel de aprendizaxe e o proceso de integración no ámbito escolar e social serán o grao de axuste do contido, a secuencia e a forma de ensinar.

Unha boa parte dos atrancos poderémolos compensar gracias á intervención educativa adaptada ó nivel dos alumnos que teñen necesidades educativas especiais. Nós, os docentes, tentaremos adaptalos medios dispoñibles (obxectivos, contidos, metodoloxía, tipos de organización e avaliación) para axustarnos ás necesidades de aprendizaxe do noso alumnado. Cando tomemos decisións, farémolo nun sentido positivo, pensando en qué é o que o educando pode facer e rexeitando o pensamento de qué non lle vai ser doado facer.

A actividade motriz pode, por un lado, facer que os alumnos con n.e.e. se sintan persoas máis seguras de si e capaces de realiza-las mesmas cousas cós outros (aínda que coas evidentes precaucións) e, por outro, paliar (na medida do escaso horario da E. F.) as deficiencias físicas e fisiolóxicas. Os alumnos do centro con algunha alteración relacionada coas facultades físicas deben intervir nas clases de E. F. coa maior normalidade posible.

OS CONDICIONANTES DA INTEGRACIÓN NAS SESIÓNS DE EDUCACIÓN FÍSICA

Son varios os factores que inflúen e condicionan o proceso de integración:

— condicionantes infraestructurais, como serán os escasos recursos económicos e o deseño das infraestructuras para elimina-las barreiras arquitectónicas;

— condicionantes sociais, como o descoñecemento, que provoca actitudes de rexeitamento, prexuízos e actitudes insolidarias así como a ‘escasa rendibilidade social’ que motiva restriccións orzamentarias;


— condicionantes propios dos minusválidos, cunha actitude, ás veces, de autoaceptación e menosprezo;

— condicionantes da práctica docente, entre os que destacaremos a nosa falta de formación en n.e.e., como profesores de E. F., que provoca medo a lesionar, á responsabilidade legal, polo que optamos por ‘deixalo como está’, ou facer, no mellor dos casos, a falsa integración, ordenando ós alumnos que realicen actividades pasivas ou desti-

nando o tempo das clases a sesións de fisioterapia. Os profesionais da educación que teñen na súa clase algún alumno con minusvalías necesitan orientación e asesoramento de grupos de expertos, pois soamente así se poderá garanti-lo éxito e se favorecerá o desenvolvemento integral do alumno.

Non podemos tampouco esquecer a actitude protectora dos pais, que condiciona o traballo do profesor á devandita falsa integración, nin esquecer a actitude da clase, que sen un traballo previo de concienciación discriminará o alumno con n.e.e. Cómpre realiza-los primeiros días do curso xogos motrices, cos que a clase experimente a minusvalía física ou sensorial, como pode ser sentar nunha cadeira de rodas.

Se optamos por unha falsa integración, estamos facendo unha exclusión encuberta, ó negar un dereito léxítimo de formación e relación.



Como principais obxectivos do ámbito da integración dos alumnos con n.e.e. sinalaremos: desenvolve-lo nivel motor dos alumnos, motivar ás actividades deportivas, desenvolve-la súa mobilidade e autonomía persoal a través do deporte e a actividade física.

Non cambiaremos os contidos, nin os obxectivos, pero si realizaremos unhas modificacións didácticas para que o alumno poida integrarse con normalidade nas actividades

HISTORIA DA INTEGRACIÓN DEPORTIVA

Cada vez son máis as voces que defenden que as actividades físicas poden facilita-la integración de persoas con deficiencias. Son os xogadores con minusvalías psíquicas os que poden presentar certas dificultades para unha plena participación.

Entre 1950 e 1960, xurdiron nos países nórdicos unha serie de reivindicacións que tiveron repercusións legais: a integración é entendida como un cambio social baseado nas relacións sociais. Para que se produza a integración dos alumnos con n.e.e. xa non abonda só con que os nenos estean na sociedade como membros máis da gran masa, senón que realmente participen nela. O deporte e a actividade física inicialmente estaban orientados a fins terapéuticos e rehabilitadores para logo diversificarse cara á competición, a educación ou o lecer.



Todos nos adaptamos ás deficiencias dunha compañeira minusválida dunha perna.

Isto leva a reconsidera-lo papel da Educación Física, que tradicionalmente estivo demasiado preocupada polo ámbito biomotriz deixando de lado os aspectos sociais e de relación.

NOCIÓNS SOBRE ALGÚNS DEPORTES

A BOCCIA

É un xogo que se practicaba na antiga Grecia e que foi recuperado polos británicos e os daneses. Desde 1992 é deporte oficial nas parolimpíadas. En España foi introducido desde Portugal e mantense desde Barcelona '92 como unha das potencias dominantes, referendando éxitos posteriores na última parolimpíada de Atlanta '96.

Na competición da boccia establécense distintas clases e categorías que agrupan deportistas cos mesmos ou similares niveis de minusvalía física e,


dalgún xeito, intenta mediante esa idea formular unha competición o máis xusta e igualitaria posible.

Existen catro categorías individuais: CF0, CF2, CF3 e CF1, que determinan un perfil concreto: a categoría CF0 corresponde ó menor nivel de afectación, e a CF1 de maior grao.

Na categoría CF0 o deportista é autónomo no seu desprazamento, aínda que é norma obrigada participar en cadeira de rodas. Conta cun control perfecto do tronco e con destrezas e habilidades normais do membro superior ou inferior (dependendo de se xoga coas mans ou cos pés).

As CF1 engloban os xogadores con maior grao de afectación. Non teñen posibilidade física de lanzar as bólas por si mesmos, así que utilizan un artefacto de lanzamento, rampas ou canetas. Será necesaria a actuación dun auxiliar de xogo. Esta categoría acolle infinidade de anomalías: tetraplécicos, enfermidades como ataxias, atetoses, distrofias, párkinson, etc., e enfermidades secundarias a outros procesos: síndrome tóxico español (colza), hidrocefalias...

A boccia é un xogo parecido á petanca, aínda que con diferencias de campo, regras e material. Desenvolve a precisión e a estratexia. É unha actividade alternativa e unha das poucas que poden desenvolver os grandes minusválidos; é, xa que logo, unha actividade física na que un alumno diminuído pode competir cos seus compañeiros da clase.



Baloncesto en cadeira de rodas.

VOLEIBOL

Ten un grande interese para os minusválidos polo seu aspecto socializante, o pouco espazo que se precisa, a doada comprensión e golpeo. Práctícase en dúas modalidades: sentado e de pé, pero é a primeira a de maior auxe e espectacularidade.

Iniciouse en 1885, cando o americano William G. Morgan senta as bases do actual xogo, que foi difundido polas tropas americanas en todo o continente europeo. Pero foi o médico xudeo Ludwin Guttman quen o introduciu como práctica deportiva nos programas de rehabilitación e quen levou a cabo en 1948 os Primeiros xogos en Stoke Mandeville (Gran Bretaña).

A primeira competición de voleibol para minusválidos que se coñece foi en Holanda, adaptando a rede e as dimensións do campo. En 1980 convértese en deporte paraolímpico en Arehim e actualmente existe un

Campionato de Europa de Clubs. En España, o sinal de partida deuse cos IX Xogos Paralímpicos de Barcelona '92, aínda que ó contrario da boccia, o seu progreso é moi lento.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Nunha mesa redonda sobre o valor educativo da Educación Física na integración, celebrada en Santiago por Amefcor (Asociación de Mestres de Educación Física da Coruña), Francisco J. Álvarez –coordinador do Proxecto Antear-Fundación Paidea– pronunciou unhas palabras dignas de ter en conta e que resumo a continuación: Integración é 'estar con', 'comunicarse con', 'facer con' e 'aprender con'. A integración é 'anonimato', é non ter que estar sinalado.

“Non existe o mundo do minusválido, non son minusválidos, senón que teñen unha minusvalía, e así van ser considerados por min aínda que empreguémo-lo termo minusválidos”.

“Facémolos tan incapaces que aprenden a ser discapaces. Teñen unha indefensión aprendida e saben que poden te-lo mundo ó seu servicio”.

EXEMPLO DE SESIÓN EN CADEIRA DE RODAS

OBXECTIVOS: coñecer e adquirir destrezas no baloncesto en cadeira de rodas.

CONTIDOS: coñecemento do baloncesto en cadeira de rodas.

INSTALACIÓNS: polideportiva ou ximnasio.


MATERIAIS: balóns de baloncesto.



Xogo da boccia.

ACTIVIDADES:

1. En ringleira, ir correndo pola liña para adquirir dominio e soltura.




2. Agarrados uns ós outros, o primeiro tira polos demais e arrástraos, co que mellora a súa forza nos brazos.



3. Aprender a pivotar sobre a roda dereita. O mesmo sobre a roda esquerda (frea unha roda e apuxa a outra).



4. 'Cabaliño' (para facer xiros rápidos). O alumno ten que aprender a estabilizarse na cadeira de rodas.



5. Manexa-la cadeira de rodas e leva-lo balón. Empurrar cunha man. (Precisión para ir en liña recta, pois cunha man irán case xirando).


6. Aprender a colle-lo balón do chan. Unha man na roda motriz e coa outra preme-lo balón contra a roda na súa parte inferior, a rente do chan. Cun pequeno xiro cara a adiante ou atrás (na roda motriz), o balón subirá, pegado á roda, ata a altura necesaria para poder colle-lo comodamente.



7. Manexo da cadeira de rodas mentres bota o balón.




8. Dar dous pulos á cadeira, avanzando polo campo, e a seguir bota-lo balón. Ó facer tres impulsos cométese 'violación'.




9. Pases de peito en repouso.




10. Pases en picado (chan).




11. Catro xogadores. Dous contra dous, pase cruzado cun balón.



12. O mesmo, pero o que recibe pide o pase: arriba, abaixo, esquerda, dereita.



13. Entradas á canastra.



LEXISLACIÓN Ó RESPECTO

A Constitución española (27/12/1978), art. 49, di: "Os poderes públicos realizarán unha política de previsión, tratamento, rehabilitación e integración dos diminuídos físicos,

sensoriais e psíquicos, ós que prestarán a atención especializada que requiriran...”

— LOXSE (1990).

— Orde de ACIS (DOG 7/2/1995) do 6/10/95.

— Decreto 320/1996 de xullo (DOG 6/8/96), ordenación do alumnado con N.E.E.

BIBLIOGRAFÍA

“Xornadas sobre Novas Tendencias da Actividade Física Adaptada”, realizadas polo Goberno andaluz (IAD) e a Federación andaluza de deportes para minusválidos, Córdoba, novembro, 1998, das que citámo-los seguintes relatorios:

“Condiciones y programas para una Educación Física Adaptada”, José Gutiérrez, profesor da Universidade de Cádiz.

“Boccia, modalidade deportiva para paralíticos cerebrales y actividad recreativa para todos”, Ana Garrido, presidenta da Comisión Nacional de Boccia.

“Iniciación al Voleivol Adaptado. Características técnicas y reglamentarias”, José Tierra Orta, profesor da Universidade de Huelva.

“Iniciación al Baloncesto en Silla de Ruedas”, Julián Rebollo, árbitro internacional de baloncesto en cadeira de rodas.

“La natación y el discapacitado físico como medio de relación”, Antonio Campillo, presidente da Comisión Andaluza de Natación da FADM.

Conferencia de Alfonso Otero Jiménez, vicepresidente da Federación Española de Deporte de Minusválidos.

Arraez, J. M., *El Deporte adaptado*, Sevilla, Wanceulen, 1997.

De Haan, J., *Voleibol sentados*, Nitgererij De Vriesbich, Haalem, Holanda, 1994.

Espina, J. M., *El meu mon és Olga*, Barcelona, La Campana, 1986.

García de Mingo, J. A., *Actividades físicas y deporte para minusválidos*, Madrid, Campomanes Libro S.L., 1992.

González Manjón, D., J. Ripolda, e A. Asegurado, *Adaptaciones curriculares, guía para su elaboración*, Málaga, ed. Aljibe, 1993.

Hernández, J., “El deporte adaptado. Su identidad y perspectivas”, *Revista Apunts Medicina*, núm. 116, vol. XXX, Barcelona, 1993.

Imsero, *Actividades deportivas y de ocio para minusválidos psíquicos*, Madrid, Imsero, 1998.

_____, *Deportes para minusválidos psíquicos*, Madrid, Imsero, 1994.

Pérez, J. C. (coord.), *Deportes para minusválidos físicos, psíquicos y sensoriales*, Madrid, COE, 1994.

Reglamento de Boccia, adaptado por la Federación Española de Deporte de Paralíticos cerebrales, tempada 1997-98.

Reglas oficiales de Baloncesto en silla de ruedas

Rios, Mercedes, "Diversidad: necesidades educativas especiales en el área de educación física", *Revista Aula de Innovación Educativa*, núm. 72.

Sanz, S., "El Voleibol adaptado: un deporte para atender la diversidad", *Rev. Apunt. Educación Física y deportes*, Barcelona, núm. 38, páxs. 86-92.

Sirera, J. L., *Manual de Boccia*, Federación Española de Deportes para paralíticos cerebrales, Madrid, 1995.

Toro, S., J. Zarco, *Educación Física para niños y niñas con n.e.e.*, Granada, Ed. Aljibe, 1993.

Zambrana, V., e M. J. Carrasco, *El juego en los niños ciegos y deficientes visuales*, Madrid, Once, 1998.

